

A Sala de Goberno ten amplas competencias para organizar o funcionamento dos xulgados e tribunais baixo a súa responsabilidade. Entre as súas funcións figuran:

- Comprobar de que as prazas de xuíces e maxistrados titulares dos devanditos órganos xudiciais se atopan axeitadamente cubertas.
- Analizar as queixas que formulen os cidadáns con relación á administración de Xustiza.
- Revisar as sancións que impoñan os xuíces aos intervenientes nos procesos xudiciais.
- Propoñer aos presidentes visitas de inspección.
- Manter relacións institucionais con outras administracións públicas en orde a mellorar o funcionamento da administración de Xustiza.
- Elaborar estudos e propostas dirixidos ao Consello Xeral do Poder Xudicial.
- Exercer as facultades disciplinarias sobre maxistrados e xuíces.